



GRUPO DE TRABAJO DE RETRIBUCIÓN – GRUPO DE TRABAJO DE PREVENCIÓN

A presión sindical de CSIF, CCOO y CIG consigue melloras

O día 23 de outubro tivo lugar a reunión do Grupo de Traballo de Retribucións da Mesa Delegada da Seguridade Social para tratar a mellora da produtividade por cumprimento de obxectivos.

A Administración comeza a reunión expoñendo a súa oferta de mellora, oferta que incrementa por igual a todos os grupos (os baixos e os altos) mantendo deste xeito as maiúsculas diferenzas que existen, nalgúns casos chegando os niveis altos a cobrar 5 veces o que cobran os niveis baixos.

CCOO, CIG y CSIF propuxemos diferentes formas de mellorar a produtividade, que incluían mellorar máis aos niveis máis baixos, e establecemos esta mellora como unha esixencia irrenunciable. A Administración finalmente cambiou de posición e aceptou estudar esta proposta para realizar unha simulación de ata onde se podería chegar.

CIG, CSIF y CCOO somos sindicatos que representamos ao persoal da Seguridade Social e **loitamos pola mellora das condicións de traballo levando a cabo accións reivindicativas** dentro da Seguridade Social e fóra con concentracións en diversos lugares de España. **A presión sindical consegue resultados.**

Poucos avances en Prevención de Riscos Laborais

O día 24 de outubro tivo lugar a reunión do Grupo de Traballo de Prevención de Riscos Laborais da Mesa Delegada da Seguridade Social para tratar a situación da Saúde Laboral e Prevención de Riscos Laborais.

Existen avances coa actualización dos procedementos de PRL (PPRL) xa que a Administración confeccionou os borradores e enviounos a documentación para poder revisala e, no seu caso, alegar o que estimásemos oportuno.

Con todo, existen diferentes temas nos que pouco ou nada se avanzou:

- **Concurso de traslados servizos de prevención:** máis da metade dos postos convocados quedaron vacantes, o que demostra o fracaso das bases utilizadas e a necesidade da convocatoria urxente dun novo concurso para persoal laboral para dotar de persoal aos servizos de prevención.
- **Homoxeneización dos recoñecementos e políticas preventivas:** non é aceptábel que segundo en que provincia traballes teñas dereito a certa revisión médica ou non a teñas. Todos somos persoas que traballamos na Seguridade Social e todos debemos ter os mesmos dereitos na vixilancia da saúde.
- **Protocolo sobre pausas en persoal de atención telefónica:** non son poucos os



casos de persoas que traballan en unidades funcionais ou postos de atención telefónica que se senten presionados para non se deter nin para poder ir ao baño. Esiximos un protocolo que regule as pausas mínimas que deberían levar a cabo sen que a excesiva carga de traballo sexa un motivo de presión para non realizalas.

- **Empregados Públicos Designados:** denunciemos a difícil situación na que teñen que realizar o seu traballo, sen formación, sen unha tutela efectiva por técnicos superiores nos lugares onde non hai servizo de prevención, sen tempo reservado para as súas tarefas de prevención, entre outros.
- **Factores de riscos psicosociais:** solicitamos os resultados e, sobre todo, as medidas preventivas que se deciden aplicar, pero a Administración intenta escusarse dicindo que iso é moita documentación vulnerando así a competencia deste Grupo de Traballo para o acceso á información. Finalmente acepta estudar como remitir esa información.
- **Servizos de prevención pluriprovinciais:** a Administración comprometeuse a estudar a súa viabilidade e creación como mecanismo de mellora para as provincias pequenas, pero ata a data nada fixo.
- **Comités de Seguridade e Saúde propios:** a Administración comprometeuse hai xa tempo a solicitar a súa creación a Función Pública. Alega agora que esta non respondeu, porén, nada fixo desde entón, nin sequera unha simple reiteración.
- **Formación para o persoal dos servizos de prevención:** a pesar de que a súa formación e reciclaxe vén establecida incluso por un procedemento concreto, isto non sucede, dándose casos de persoas que levan máis dunha década sen recibir formación algunha, pero tendo que ser a cara visible das preguntas dos seus compañeiros/as que acoden a eles con dúbidas de prevención.
- **Protocolo de desconexión dixital:** existe unha proposta feita neste aspecto, pero a Administración non a estudou.

Como se pode observar, falta moito por facer e **CSIF**, **CCOO** e **CIG** seguiremos insistindo pois é a saúde do noso persoal a que está en xogo.

Polos nosos dereitos e as melloras nas condicións de traballo

Concentración en Cuenca o 30 de outubro: DP INSS 11h

Os Acordos son para cumprilos
25 de outubro de 2024

Mobilízate con nós!
Por unha mellora real das condicións de traballo!



**POR UN SERVICIO
DE CALIDAD**

POR LA SEGURIDAD SOCIAL



PROVISIÓN

+ PLANTILLA

PRODUCTIVIDAD

+ FORMACIÓN

+ ORGANIZACIÓN

**- SOBRECARGA DE
TRABAJO**

REVISIÓN DE RPT

CALENDARIO

**TRABAJO A
DISTANCIA**

MEJORES CONDICIONES DE TRABAJO

POR TÍ - POR TOD@S